

INSTRUCCIÓN XERENCIAL 1/2022, DO 21 DE FEBREIRO, POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE COMPRA DE DIVERSO MATERIAL FUNXIBLE E PEQUENO EQUIPAMIENTO DE LABORATORIO, PRODUTOS QUÍMICOS, REACTIVOS, ETC. NA UNIVERSIDADE DE VIGO

1. ANTECEDENTES

Rematado o proceso de licitación correspondente ao expediente AM4/21 (17 Lotes): ACORDO MARCO DE SUMINISTRO DE REACTIVOS, MATERIAL FUNXIBLE E PEQUENO EQUIPAMIENTO PARA OS LABORATORIOS DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO, as empresas incluídas en cada un dos lotes son as que se relacionan no ANEXO que acompaña á presente instrución.

O AM ten por obxecto o subministración de material funxible e pequeno equipamento de laboratorio, produtos químicos, reactivos, etc. con destino ás diferentes unidades ou centros de gasto da Universidade de Vigo (Facultades e Escolas, Centros de investigación, Departamentos, proxectos de investigación, etc.).

Concluída a licitación, os contratos derivados do Acordo Marco deben tramitarse segundo se establece no mesmo (artigo 221 da LCSP).

A suma total dos contratos baseados non poderá superar o Importe Máximo Anual Previsible (incluíndo as súas eventuais prórrogas) nin a duración máxima do Acordo Marco tal como se presenta no seguinte cadro coa relación dos 17 lotes nos que se estrutura esta licitación:

LOTES	NOME	IMPORTE MÁXIMO ANUAL PREVISIBLE (SEN IVA)
LOTE 1	REACTIVOS: Compostos orgánicos	147.058,82 €
LOTE 2	REACTIVOS: Compostos inorgánicos e sales	147.058,82 €
LOTE 3	REACTIVOS: Disolventes	147.058,82 €
LOTE 4	REACTIVOS: Ácidos e bases	147.058,82 €
LOTE 5	REACTIVOS: Reactivos de bioloxía molecular	147.058,82 €

LOTE 6	REACTIVOS: Reactivos de microbioloxía e cultivo celular	147.058,82 €
LOTE 7	REACTIVOS: Kits de laboratorio	147.058,82 €
LOTE 8	REACTIVOS: Reactivos e material de cromatografía	147.058,82 €
LOTE 9	MATERIAL DE MICROSCOPIA	147.058,82 €
LOTE 10	MATERIAL DE MOSTRAXE E FILTRACIÓN, COLUMNAS DE CONCENTRACIÓN DE PROTEÍNAS E FILTROS	147.058,82 €
LOTE 11	EQUIPOS DE MEDIDA E OS SEUS ACCESORIOS, ACCESORIOS DE PIPETADO E ACCESORIOS PARA DISPENSADORES	147.058,82 €
LOTE 12	MATERIAL ACCESORIO DE LABORATORIO METÁLICO, PLÁSTICO E DE VIDRO	147.058,82 €
LOTE 13	EQUIPOS E MATERIAL DE CENTRIFUGACIÓN	147.058,82 €
LOTE 14	MATERIAL DE SEGURIDADE, PROTECCIÓN E LIMPEZA	147.058,82 €
LOTE 15	EQUIPOS E ACCESORIOS VARIOS DE LABORATORIO	147.058,82 €
LOTE 16	MATERIAL DE INCLUSIÓN, CORTE E PULIDO	147.058,82 €
LOTE 17	MATERIAL DE ANIMALARIO	147.058,82 €
	TOTAL MÁXIMO (SEN IVA):	2.500.000,00 €

2. PRODUTOS A SUBMINISTRAR

Considerando a complexidade, diversidade e heteroxeneidade dos produtos que se necesitan para atender ás necesidades das diversas Facultades, Escolas, centros de investigación, departamentos, proxectos, etc. non é posible establecer unha relación detallada de todos os produtos, é por elo que se diferencia por lotes, e a súa vez dentro de cada un dos lotes por familias. As referencias a marcas e produtos que, de selo caso, poidan aparecer no prego da licitación, consideraranse en todo caso “ou equivalentes”.

Cada unha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco presentou unha oferta-catálogo vinculante a cada un dos lotes dos que foi adxudicataria. Para poder consultar en liña os prezos dos catálogos vinculantes ofertados, engadirase unha pestana adicional no aplicativo de pedidos na opción de Expedientes de Contratación; nela, achegaranse os documentos cos prezos, e os produtos, comprendidos nos catálogos vinculantes presentados a ese lote por todas as empresas adxudicatarias dese mesmo lote.

The screenshot shows the 'Secretaría Online' interface. On the left, a sidebar menu has 'EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN' circled in red. The main content area is titled 'Modificación de Expedientes de contratación' and contains a form for 'Datos dos expedientes de contratación'. The 'ADXUNTOS' tab is highlighted with a red box. The form fields include:

- * Número de expediente: 2AE/13
- * Tipo de contratación: Servicios
- * Subtipo de contratación: Servicios editoriales
- Financiación Feder: ☐
- Financiación Erasmus+: ☐
- * CPV: 79800000-2
- CPV suplementario:
- * Proveedor: DIGITAL GRAFICAS E
- * Data de inicio: 01/01/2018
- * Data de fin: 31/12/2019
- * Importe adjudicación IVE incluído: 70000,00
- * Obxecto de contrato: SERVIZO DE REPROG

No prezo dos produtos que aparecen nos catálogos vinculantes presentado por cada adxudicatario entenderanse comprendidos todos os gastos, incluídos os de transporte e entrega (excepto o IVE que será indicado aparte), a obtención de cantas licenzas ou autorizacións administrativas sexan precisas, incluso as de importación, no seu caso, dos produtos, que correrá sempre a cargo do adxudicatario quen deberá pedilas no seu propio nome.

3. TRAMITACIÓN DE PEDIDOS

O proceso de compra será o mesmo que para o resto das compras realizadas pola Universidade de Vigo. É dicir, o pedido estará completamente realizado cando as Unidades Tramitadoras TRAMITEN o pedido oficial na plataforma de pedidos da Universidade de Vigo. Para realizar os pedidos incluídos no expediente AM4/21 será obrigatorio engadir ao pedido o correspondente orzamento cos produtos a pedir en formato pdf.

Obrigatoriamente, o documento pdf cos orzamentos para engadir aos pedidos incluírá, ademais doutros datos obrigatorios pola lexislación vixente, a seguinte información:

- NOME/DESCRICIÓN DO PRODUTO OFERTADO
 - REFERENCIA EMPRESA
 - PRAZO GARANTÍA (SE É APLICABLE)
 - PREZO UNITARIO INICIAL SEN IVE (€)
 - DESCONTO OFERTADO
 - PREZO UNITARIO FINAL OFERTADO SEN IVE (€)
1. Se os produtos a pedir figuran como produtos coas mesmas características técnicas que algún produto incluído nos catálogos vinculantes presentadas polas empresas adxudicatarias: Nese caso, o pedido deberá formalizarse obrigatoriamente a unha desas empresas, tendo en conta o determinado no apartado 4 desta instrución. A tal efecto o peticionario deberá achegar ao responsable da unidade de gasto un orzamento no que se detallará de xeito individualizado a descrición dos produtos e o prezo ofertado. Este orzamento deberá ser solicitado a empresa subministradora en formato pdf, engadirase ao pedido cumprimentado na plataforma de pedidos. Ademais, o prezo unitario dos produtos incluídos no orzamento deberá coincidir co prezo unitario ofertado no catálogo vinculante presentado pola empresa á que se lle vaia realizar o pedido.
 2. Se os produtos requiridos **non** figuran como produtos coas mesmas características técnicas en ningún dos catálogos vinculantes presentados polas empresas adxudicatarias: Nese caso, poderá solicitarse orzamento a calquera outra empresa subministradora. Estes pedidos realizaranse fóra do expediente AM4/21.

Adicionalmente, as empresas licitadoras poderán dispor dun sistema de consulta e busca, dos produtos ofertados no catálogo vinculante a través da web. A través deste sistema, os investigadores poderán consultar as características ampliadas dos produtos ofertados, a súa referencia e o seu prezo unitario, que deberán coincidir co prezo ofertado no catálogo vinculante antes de aplicar o desconto ofertado.

4. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS BASEADOS (PEDIDOS)

Os contratos baseados/pedidos de cada acordo marco efectuaranse pola Universidade de Vigo segundo as súas necesidades, co obxectivo de reducir ao máximo o almacenamento de

material de laboratorio, produtos químicos, reactivos, etc. Mediante este sistema preténdese optimizar a eficiencia do gasto e reducir perdas de produtos, diminucións, etc.

Cada pedido que se faga ten que estar vinculado a un único lote e a unha única empresa dentro do lote, non podéndose incluír nun mesmo pedido produtos de distintos lotes aínda que se realicen á mesma empresa.

Con cargo a este acordo marco só se poderán tramitar contratos baseados/pedidos cun importe individualizado inferior aos 15.000 euros (IVE excluído).

A adxudicación dos contratos baseados en cada acordo marco axustarase ao seguinte procedemento:

A. Acordo marco concluído cunha única empresa:

Independentemente do importe do contrato derivado, no caso de que para un lote só fose seleccionada unha empresa, o contrato derivado adxudicarase á mesma se ofertou o produto obxecto do contrato derivado.

B. Acordo marco concluído con varias empresas:

1. Se o importe do pedido (contrato derivado) fose inferior a 5.000 € (IVE excluído), non será necesario convocar ás empresas seleccionadas para cada un dos lotes a unha nova licitación, podendo o peticionario facer directamente a solicitude do produto que satisfaga as súas necesidades técnicas. O peticionario deberá xustificar a súa elección no expediente tramitado a través do aplicativo de pedidos da Universidade de Vigo. A continuación móstranse algúns exemplos de xustificación:
 - “Selecciónase/n o/os Produto/s coas características técnicas que mellor se axustan ao obxecto da investigación”.
 - “Selecciónase/n o/os Produto/s coas características técnicas máis adecuadas para a súa aplicación”.
 - “Selecciónase/n o/os Produto/s coas características técnicas que teñen demostrado axustarse ao obxecto da investigación”.
 - “Selecciónase/n o/os Produto/s coas características técnicas que teñen demostrado unha correcta aplicación”.
2. Se o importe do contrato derivado fose igual ou superior a 5.000 € (IVE excluído) e inferior a 15.000 € (IVE excluído), o peticionario poderá decidir, xustificándoo debidamente no expediente, non convidar á licitación á totalidade das empresas seleccionadas para o lote correspondente, sempre que, como mínimo, solicite ofertas a tres empresas do lote. Para facelo seguirase o seguinte procedemento:
 - a) Solicitarase oferta ás empresas seleccionadas que ofertasen o produto que se vai a adquirir. A solicitude enviarase ao correo electrónico que facilitaron as empresas na documentación presentada para participar no Acordo Marco.
 - b) As empresas ás que se soliciten as ofertas poderán mellorar as condicións técnicas, económicas e de entrega que ofertasen inicialmente. En ningún caso

admitiranse ofertas que non igualem as condicións homologadas no Acordo Marco.

- c) As ofertas deberán presentarse, en formato electrónico, na Sede electrónica da Universidade de Vigo ou na dirección electrónica indicada na invitación, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao envío da invitación, de acordo coas indicacións dadas na invitación remitida.
- d) Garantirase a confidencialidade das ofertas, ata o momento da súa apertura.
- e) A valoración das ofertas será realizada polo peticionario, deixando constancia da mesma no expediente.
- f) O contrato adxudicarase ao licitador que presentase a mellor oferta, valorada segundo criterios técnicos e económicos, tendo en conta o seguinte:
 - Que se outorgará a máxima puntuación do criterio prezo á mellor oferta e ao resto de forma proporcional.
 - O criterio calidade relacionado coas características físicas e químicas do produto valorarase, de forma xustificada, outorgándolle, como máximo un 50% da puntuación total.
- g) Cando se deba convidar a máis dunha empresa a unha segunda licitación, a solicitude de ofertas realizarase simultaneamente, mediante correo electrónico, utilizando un documento de licitación no que se establecerán as características das subministracións solicitadas, os criterios de valoración das ofertas e a ponderación de cada un deles. O prazo de recepción de ofertas non será inferior a cinco días naturais e ampliarase en función da complexidade do obxecto do contrato, a pluralidade ou non de criterios de valoración, así como a súa complexidade, e o tempo necesario para o envío da oferta.
- h) As empresas estarán obrigadas a presentar oferta válida.
- i) No aplicativo de pedidos da Universidade de Vigo quedará documentada a solicitude das ofertas, as ofertas mesmas, a súa avaliación e a xustificación da empresa adxudicataria.

5. OBRIGA DE ADQUIRIR OS PRODUTOS DO CONTRATO

Todos os produtos incluído nos catálogos vinculantes coas mesmas características técnicas, deberán obrigatoriamente adquirirse de xeito exclusivo ás empresas adxudicatarias a través do procedemento indicado nesta instrución. Dita obrigatoriedade non se aplica aos produtos non comprendidos nos catálogos vinculantes presentados polas empresas adxudicatarias.

Poderanse excluír desta obriga aqueles casos nos que o cambio de reactivo poida influír nos resultados dos experimentos do grupo de investigación. Para elo deberá facerse constar nunha memoria esta xustificación, memoria que estará vixente unicamente durante a vixencia do proxecto. Non se autorizarán exclusións para proxectos de investigación ou contratos amparados no artigo 83 da L.O.U. que se inicien a partir da entrada en vigor desta instrución.

6. ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

Os pedimentos de material de laboratorio e reactivos realizaranse pola Universidade en función das súas necesidades, co obxectivo de reducir ó máximo o almacenamento deste tipo de material.

Condições de entrega e loxística de distribución:

As empresas deberán dispoñer dos medios de transporte, loxística de entrega, capacidade de almacenaxe e stocks, e de persoal suficientes (propios ou contratados con terceiros) que garantan a correcta distribución e entrega das subministracións solicitadas en calquera dos puntos de entrega correspondentes aos edificios, centros e unidades da Universidade de Vigo situados nas provincias de Pontevedra e Ourense nas seguintes condicións:

- a) O prazo máximo de entrega en ningún caso poderá superar o prazo de 1 mes, contado desde o día seguinte á realización do pedido.
- b) O contratista garantirá a atención das peticións do material e subministracións que comprende o acordo marco durante todo o horario laboral da Universidade.
- c) Todas as subministracións realizaranse con portes a cargo do subministrador e, en caso de desconformidade, admitirase devolución, con gastos ao seu cargo, durante o primeiro mes despois da recepción.
- d) Os materiais funxibles, repostos e pequeno equipamento fornecerase todos os días da semana de luns a venres durante o horario laboral da Universidade (excepto festivos).
- e) O día da entrega do pedido notificarase por medio de e-mail, ou outro medio electrónico á unidade receptora da mercadoría.

Todos os artigos entregaranse debidamente embalados ou empaquetados co fin de evitar danos, debendo figurar na embalaxe unha etiqueta exterior que identifique: o número de pedido, a unidade de gasto, o peticionario (de ser o caso), partida orzamentaria (con clasificación orgánica, funcional e económica, e actividade no seu caso), área, as referencias dos bens para fornecer, o número de unidades desa referencia, data de entrega e o punto de entrega. Os pedidos acompañaranse de 2 copias do albarán onde figuren os mesmos datos que contén a etiqueta exterior xunto cun espazo, para a firma do receptor.

Unha vez realizada a entrega, o receptor selará e asinará dous albarás dos cales un permanecerá no seu poder e outro se entregará á empresa (xa sexan físicos ou en soporte dixital).

7. SISTEMA DE XESTIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

O proceso para a realización dun pedido dalgúns dos ben incluídos nos lotes do AM será o seguinte:

1. O peticionario solicitará á correspondente empresa subministradora un orzamento en formato pdf que comprenda os produtos requiridos para cada pedido.
2. No caso de que a empresa subministradora dispoña dun sistema de consulta e busca, dos produtos ofertados no catálogo vinculante a través da web; este sistema web poderá xerar automaticamente o orzamento en formato pdf.
3. O peticionario deberá achegar ese orzamento ao responsable da unidade de gasto. Este orzamento en formato pdf. engadirase ao pedido cumprimentado na plataforma de pedidos.
4. Calquera usuario con autorizacións para o programa de PEDIDOS da Universidade de Vigo creará o pedido oficial na dita aplicación.
5. O usuario elixirá a opción de NOVO EXPEDIENTE no programa de pedidos, e na primeira pestana do pedido elixirá o AM4/21 e a empresa en cuestión á que se quere solicitar o pedido.
6. Haberá que asignarlle a partida orzamentaria aos artigos importados.
7. O pedido deberá pasar polas fases habituais do programa informático de pedidos para comprobar os saldos das aplicacións orzamentarias, usuarios autorizados, etc...
8. Cando os usuarios de perfil Unidade Tramitadora (UT) TRAMITEN o pedido, será no momento no que a empresa provedora reciba oficialmente o pedido e iniciará os trámites para servir a mercancía solicitada.
9. A empresa provedora entregará a factura electrónica no portal da Xunta de Galicia (SEF) ou no portal do Ministerio (FACe) facendo referencia ao número de pedido oficial da Universidade de Vigo cando teña entregado o 100% dos produtos solicitados.

• Responsable do acordo marco	- Nome: José Benito Rodríguez González		
	- Teléfono: 986 130227		
	- Correo electrónico: dircai@uvigo.es		
• Responsables dos contratos baseados	Servizos Centrais no Servizo de Xestión Económica e Contratación	Nome: Isabel Vázquez Vázquez	
		Teléfono: 986 813767	
		Fax: 986 813857	
		e-mail: xsxe@uvigo.es	
	Servizos Centrais no Servizo de Investigación	Nome: Manuel Castro Oliva	
		Teléfono: 986 814085	
		Fax: 986 813919	
		e-mail: mcastro@uvigo.es	
	Ámbito tecnolóxico Administradora	Nome: Ana Cacheiro Seguí	
		Teléfono: 647343115	
		Fax: 986 812207	
		e-mail: acimt@uvigo.es	
	Ámbito das Ciencias Experimentais Administradora	Nome: Maria Fariza Novoa	
		Teléfono: 986 813900	
		Fax: 986 813857	
		e-mail: acfcv@uvigo.es	
	Ámbito xurídico social e humanidades Administrador	Nome: Angel Nieto Rodríguez	
		Teléfono: 986 812546	
		Fax: 986 811948	
		e-mail: administrador-xsh@uvigo.es	
	Campus de Pontevedra Administrador	Nome: Elena Vázquez Losada	
		Teléfono: 986 801951	
		Fax: 986 986 802060	
		e-mail: admcampuspo@uvigo.es	
	Campus de Ourense - Administradora	Nome: Pilar Joga Lasala	
		Teléfono: 988 387257	
		Fax: 988 387253	
		e-mail: admnorou@uvigo.es	

8. CONDICIÓN DE CALIDADE E GARANTÍA

Os adxudicatarios deberán manter as marcas comerciais designadas nas ofertas, non podendo realizar alteracións, correccións, omisións ou variacións nos bens ou produtos obxecto da subministración contratada, salvo aprobación expresa do órgano de contratación.

O prazo de garantía dos produtos será a ofrecida polos licitadores, para cada un dos produtos ofertados. Esta garantía será polo menos a legalmente esixible para o pequeno equipamento. Durante este período de tempo, será por conta do adxudicatario a reposición do material

defectuoso, así como os gastos de carga, retirada, traslados e cantos gastos que se deriven diso.

9. DIRECCIÓN, O CONTROL E SUPERVISIÓN DOS TRABALLOS. INSTRUCCIÓN PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

A dirección, control e supervisión dos traballos contratados corresponde ás contratas que teñen nomeado, como delegados das empresas con capacidade para exercer a súa representación nos actos derivados do cumprimento das obrigas do acordo marco e para organizar a execución dos traballos e ditar as instrucións para o seu desenvolvemento ás persoas que figuran na táboa do ANEXO desta Instrución.

Asemade a ditas persoas correspóndelles realizar as funcións que especificamente se establecen nos diversos apartados do prego de prescricións técnicas. Este delegado actuará a súa vez como representante e único interlocutor válido ante a Universidade respecto da xestión da prestación da subministración.

Corresponde ao delegado en nome da empresa adxudicataria establecer as directrices necesarias para a axeitada xestión da subministración e ditar as instrucións, as ordes, os criterios de realización do traballo aos seus traballadores.

As persoas traballadoras destinadas polos adxudicatarios á subministración obxecto do presente acordo marco non aceptarán peticións, suxestións, instrucións ou queixas do persoal da Universidade. Neste sentido, non se producirá ningún trato ou acordo do persoal da empresa cos responsables de unidades de gasto nin cos peticionarios. As infraccións, deficiencias técnicas, incumprimentos, incidentes, etc. que en relación coa execución do acordo marco se produzan, deben ser postas en coñecemento do delegado da empresa a través do responsable do contrato designado pola universidade, quen igualmente será a única persoa encargada de recibir as emitidas pola Universidade.

10. VERIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DA SUBMINISTRACIÓN CONTRATADO

A vixilancia e o control da calidade e da eficacia da subministración será efectuada pola Universidade a través dos responsables dos contratos indicados na táboa do apartado 7 desta instrución. Este será a persoa a quen corresponde supervisar e comprobar o cumprimento

das obrigas que se deriven do acordo marco, tanto do contido dos pregos como da oferta presentada, adoptar as decisións e comunicar as deficiencias detectadas ao adxudicatario a través do delegado da empresa.

11. COMPROBACIÓN DOS BENS SUBMINISTRADOS

A comprobación e o recoñecemento do material realizarase pola persoa que figure como validador do pedido. Cando os bens non estean en estado de ser recibidos farase constar así no acto da entrega a través da plataforma informática e daranse as instrucións precisas ao adxudicatario para que remédie os defectos observados e/ou proceda á entrega doutros bens que se atopen nas condicións esixibles de conformidade co pactado.

En todo caso, se a Universidade acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens adquiridos, terá dereito a reclamar a reposición dos que fosen inadecuados. Neste caso, poderán reterse os artigos defectuosos previamente entregados ata que se produza e se reciba de conformidade a nova subministración. O prazo para a reposición citada será o mínimo posible.

Se se presume fundadamente que os citados bens non van ser aptos para o fin para o que se adquiriron, nin aínda logo da súa reposición polo adxudicatario, poderán rexeitarse os bens deixándoos de conta do adxudicatario e quedando exenta a Universidade, neste caso, da obrigación de pago e, polo tanto, con dereito á devolución do prezo satisfeito.

12. SUBSTITUCIÓN DE ARTIGOS

A requirimento da contrata, e previos os informes técnicos que no seu caso correspondan, poderá autorizarse mediante resolución do órgano de contratación a substitución dun produto, o que será comunicado aos responsables do contrato e sen que a contrata terá dereito a compensación de ningunha clase, senón unicamente ao abono estipulado no acordo marco.

13. ENTRADA EN VIGOR

Esta instrución entra en vigor o día da súa publicación, e a partir desa data non se poderán iniciar e tramitar pedimentos a outras empresas diferentes das adxudicatarias do expediente AM4/21 correspondentes á adquisición do material ao que se refire a mesma, agás o sinalado

no apartado 5 e nos casos excepcionais xustificados previamente que deberán contar con autorización expresa do Responsable do contrato ou pedimentos iniciados antes da sinatura da presente instrución.

Vigo, 21 de febreiro de 2022

A Xerenta,

Raquel María Souto García
(documento asinado electrónicamente)

***SRS. / SRAS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS, ÁMBITO E CAMPUS
SRES. / SRAS. DECANOS/AS DE FACULTADES
SRES./ SRAS INVESTIGADORES/AS PRINCIPAIS DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN
SR. DIRECTOR DE CENTROS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN
SR. XEFE DO SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN***

ANEXO

LOTE	EMPRESA	CIF	E-MAIL	DIRECCIÓN POSTAL	TELEFONO	REPRESENTANTE LEGAL	E-MAIL 1 PEDIR PRESUPUESTOS	E-MAIL 2 PEDIR PRESUPUESTOS
3	ACEFF, S.A.	A58135831	director@aceffa.com	C/Isaac Peral, 5 CP 08850 Barcelona	933626002	Paul-Joseph McDonough	comercial7@aceffa.com	
5	ACEFF, S.A.	A58135831	director@aceffa.com	C/Isaac Peral, 5 CP 08850 Barcelona	933626002	Paul-Joseph McDonough	comercial7@aceffa.com	
7	ACEFF, S.A.	A58135831	director@aceffa.com	C/Isaac Peral, 5 CP 08850 Barcelona	933626002	Paul-Joseph McDonough	comercial7@aceffa.com	
10	ACEFF, S.A.	A58135831	director@aceffa.com	C/Isaac Peral, 5 CP 08850 Barcelona	933626002	Paul-Joseph McDonough	comercial7@aceffa.com	
11	ACEFF, S.A.	A58135831	director@aceffa.com	C/Isaac Peral, 5 CP 08850 Barcelona	933626002	Paul-Joseph McDonough	comercial7@aceffa.com	
15	ACEFF, S.A.	A58135831	director@aceffa.com	C/Isaac Peral, 5 CP 08850 Barcelona	933626002	Paul-Joseph McDonough	comercial7@aceffa.com	
7	AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN SL	B86907128	concurso@agilent.com	C/ José Echegaray, 8, Edif. 3, Pl. 1, Las Rozas, Parque empresarial Alvia, CP 28232, MADRID	901116890	Raquel González Arribas	concurso@agilent.com	
8	AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN SL	B86907128	concurso@agilent.com	C/ José Echegaray, 8, Edif. 3, Pl. 1, Las Rozas, Parque empresarial Alvia, CP 28232, MADRID	901116890	Raquel González Arribas	concurso@agilent.com	
8	APLICACIONES CROMATOGRAFICAS S.L.	B30526453	inform@aplicacionescromatograficas.com	Pol. Ind.Oeste, parc. 21/A CP 30169 población San Ginés MURCIA	913656481	Ramón Hernández Madrid	edtel@grupobiomaster.com	
16	BIOMETIA TECNOLOGIA Y SISTEMAS	A33553645	info@biometia.es	Parque Tecnológico de Asturias, 38 CP 33428 provincia de Asturias	902244343	Alfonso Rivaya Guisasaola,	info@biometia.es	
5	BIOMOL S.L.	B41533845	biomol@biomol.es	PLAZA DEL ZURRAQUE Nº 2 LOCLES 22-23, CP 41010 SEVILLA	954355040	ÁNGEL ALCALDE SANDONIS	pedidos@grupobiomaster.com	
6	BIOMOL S.L.	B41533845	biomol@biomol.es	PLAZA DEL ZURRAQUE Nº 2 LOCLES 22-23, CP 41010 SEVILLA	954355040	ÁNGEL ALCALDE SANDONIS	pedidos@grupobiomaster.com	
13	BIOMOL S.L.	B41533845	biomol@biomol.es	PLAZA DEL ZURRAQUE Nº 2 LOCLES 22-23, CP 41010 SEVILLA	954355040	ÁNGEL ALCALDE SANDONIS	pedidos@grupobiomaster.com	
17	BIOSIS BIOLOGIC SYSTEMS S.L.	B61122900	biosis@cnrtelefonica.net	C/ Diputación nº 279 1º 7º CP 08007 Barcelona	93 42 87 76 26	José Santigosa Benet	hiosismad1@biosispa.es	hiosismad1@biosispa.es
1	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
2	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
3	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
4	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
5	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
6	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
7	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
8	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
10	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
11	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
12	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
13	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
14	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
15	CELTA INGENIEROS S.L.	B15066392	info@celtaingenieros.com	C/ Paseo marítimo 30 CP 15679 provincia A Coruña	981638545	Maria Irma Riveira Muñoz	pedidos@celtaingenieros.com	
1	CIENTISOL, SLU	B15869605	info@cientisol.com	Avenida do Cruceiro da Coruña,14-Bajo 15703	981936338	Manuel Miguelez Vila	info@cientisol.com	
2	CIENTISOL, SLU	B15869605	info@cientisol.com	Avenida do Cruceiro da Coruña,14-Bajo 15703	981936338	Manuel Miguelez Vila	info@cientisol.com	
3	CIENTISOL, SLU	B15869605	info@cientisol.com	Avenida do Cruceiro da Coruña,14-Bajo 15703	981936338	Manuel Miguelez Vila	info@cientisol.com	
4	CIENTISOL, SLU	B15869605	info@cientisol.com	Avenida do Cruceiro da Coruña,14-Bajo 15703	981936338	Manuel Miguelez Vila	info@cientisol.com	
